

CURSO 2017-2018

CRITERIOS DE PROMOCIÓN E DE TITULACIÓN

PROMOCIÓN, REPETICIÓN E PENDENTES NA ESO.

Se promociona de curso ao aprobar tódalas materias cursadas ou suspender dúas como máximo. Sen embargo o alumnado deberá ter en conta que, de darse o caso de que as dúas suspensas sexan simultaneamente Matemáticas e alguna das linguas (Lingua Castelá ou Lingua Galega) o alumnado deberá repetir curso. A efectos de repetición cóntanse como suspensas as asignaturas pendentes de cursos anteriores e non superadas.

O alumnado que promociione con suspensas deberá recuperalas a través dun programa de reforzó e recuperación.

A repetición pódese aplicar nun mesmo curso unha soa vez e dúas veces como máximo dentro da ESO. Excepcionalmente pódese repetir unha segunda vez 4º da ESO se non repetiu en cursos anteriores da ESO. Cando a segunda repetición se produza en 3º ou 4º ESO, o alumno pode permanecer na ESO ata os 18 anos cumpridos no ano en que se inicie o curso, agás no caso de que o alumno ou alumna teña necesidades educativas especiais.

TITULACIÓN NA ESO.

Para obter o Título de ESO é preciso aprobar tódalas materias, ou ben ter un máximo de dúas suspensas sempre e cando o profesorado considere que se teñen alcanzado os obxetivos da etapa e non sexa o caso de que as dúas asignaturas suspensas sexan simultaneamente Matemáticas e alguna das linguas (Lingua Castelá ou Lingua Galega. A efectos de titulación cóntanse como suspensas as asignaturas pendentes de cursos anteriores e non superadas.

O Título de Graduado en Educación Secundaria permite acceder a:

- Bacharelato.
- Ciclos Formativos de Grado Medio.
- Mercado de traballo.

A elección dos estudos posteriores debe ser mpi meditada y se debe apoiar no Consello Orientador que se lle da a cada alumno ao finalizar 4º ESO.



- ***PROMOCIÓN E TITULACIÓN EN BACHARELATO.***

1º BACHARELATO: O alumnado promociona con tódalas materias de 1º curso superadas, ou ben con avaliación negativa en dúas materias, as cales deberá cursar simultaneamente coas do 2º curso. O alumnado que non promocione pode permanecer un ano máis en 1º de Bacharelato, **DEBENDO MATRICULARSE DO CURSO COMPLETO** independemente do número de materias no que obtivera avaliación negativa na avaliación de setembro.

2º BACHARELATO: O alumnado titula con tódalas materias de 1º e 2º aprobadas. De quedarlle alguna pendente, o alumnado poderá permanecer un ano máis no mesmo curso, matriculándose do curso completo o usó das materias nas que obtivera cualificación negativa.

En Bacharelato as notas son moi importantes. O alumnado que pretenda acceder á Universidade terá en conta as notas dos dous cursos do Bacharelato, que constitúe o 60% da nota de acceso. No caso de cursar un ciclo formativo, a nota do Bacharelato será tida en conta no caso de que a demanda sexa superior ao número de prazas.

CAMBIO DE MODALIDADE: Quen cursara 1º de Bacharelato nunha modalidade e prefira cambiar de modalidade en 2º pode facelo matriculándose, ademáis das materias xerias do bloque de troncais de 2º, daquelas de 1º que non teña superadas, previa comunicación á Dirección do centro.